

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 28 de decembro de 2011

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D. Angel Rivas González

Invitado:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e trinta e cinco minutos do día vinte e oito de decembro de dous mil once e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. González Carnero, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1545).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1546).- RECTIFICACIÓN DO IMPORTE DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DA DIRECCIÓN DE OBRA DO “PROXECTO DE REFORMA DO MERCADO DO PROGRESO”. EXPTE. 5248/551.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 26.12.11, conformado pola concelleira delegada da Área de Contratación, que di o seguinte:

NORMATIVA APLICABLE:

- *Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (LCSP).*

- *Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).*

ANTECEDENTES:

Por acordo da Xunta de Goberno Local de 25-11-2011 acordouse Adxudicar a Mercedes Fernández Díaz o procedemento negociado para a adxudicación do contrato de dirección da obra do proxecto de reforma do mercado do Progreso (expte. 5248-551) por un prezo 67.741,44 euros.

A cantidade adxudicada non coincide coa ofertada polo licitador na súa proposta económica que foi de 70.564 euros.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de 25 de novembro de 2011, adoptou o seguinte acordo:

- 5.- **ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO PARA A CONTRATACIÓN DA DIRECCIÓN DE OBRA DO “PROXECTO DE REFORMA DO MERCADO DO PROGRESO. EXPTE. 5248/551.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 22.08.11, co informe do Interventor Xeral do 14.10.2011, a Xunta de Goberno local acorda:

“Adxudicar a Mercedes Fernández Díaz o procedemento negociado para a adxudicación do contrato de dirección da obra do proxecto de reforma do mercado do Progreso (expte. 5248-551) por un prezo 67.741,44 euros.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

Segundo.- A cantidade adxudicada non coincide coa ofertada polo licitador na súa proposta económica que foi de 70.564 euros.

Terceiro.- A lexislación de procedemento administrativo faculta ás administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto no apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP.

Así, en mérito ó exposto, se propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

“Rectificar o importe de adxudicación do procedemento negociado para a adxudicación do contrato de dirección da obra do proxecto de reforma do mercado do Progreso (expte. 5248-551) que queda fixada na cantidade de de 70.564 euros.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1547).- RECTIFICACIÓN DO IMPORTE DA ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DA DIRECCIÓN DE EXECUCIÓN E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DO “PROXECTO DE REFORMA DO MERCADO DO PROGRESO. EXPTE. 5251/551.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 26.12.11, conformado pola concelleira delegada da Área de Contratación, que di o seguinte:

NORMATIVA APLICABLE:

- *Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (LCSP).*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).*

ANTECEDENTES:

Por acordo da Xunta de Goberno Local de 25-11-2011 adxudicouse a Jesús Damiá Rodríguez o procedemento negociado para a adxudicación do contrato de DE DIRECCION DE EXECUCIÓN E COORDENACIÓN DE SEGURIDADE E SAUDE DO PROXECTO DE REFORMA DO MERCADO DO PROGRESO (EXPTE. 5251-551) por un prezo 67.401.60 euros.

A cantidade adxudicada non coincide coa ofertada polo licitador na súa proposta económica que foi de 70.210 euros.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de 25 de novembro de 2011, adoptou o seguinte acordo:

- 4.- *ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DA DIRECCIÓN DE EXECUCIÓN E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DO “PROXECTO DE REFORMA DO MERCADO DO PROGRESO. EXPTE. 5251/551.*

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 22.08.11, co informe do Interventor Xeral do 14.10.2011, a Xunta de Goberno local acorda:

“Adxudicar a Jesús Damiá Rodríguez o procedemento negociado para a adxudicación do contrato de DE DIRECCION DE EXECUCIÓN E COORDENACIÓN DE SEGURIDADE E SAUDE DO PROXECTO DE REFORMA DO MERCADO DO PROGRESO(EXPTE. 5251-551) por un prezo 67.401.60 euros.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

Segundo.- A cantidade adxudicada non coincide coa ofertada polo licitador na súa proposta económica que foi de 70.210 euros.

Terceiro.- A lexislación de procedemento administrativo faculta ás administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto no apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP.

Así, en mérito ó exposto, SE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

“Rectificar o importe de adxudicación do procedemento negociado para a adxudicación do contrato de DE DIRECCION DE EXECUCIÓN E COORDENACIÓN DE SEGURIDADE E SAUDE DO PROXECTO DE REFORMA DO MERCADO DO PROGRESO(EXPTE. 5251-551) que queda fixada na cantidade de de 70.210 euros.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1548).- RECTIFICACIÓN DE ACORDO DE CLASIFICACIÓN DE OFERTAS DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA DOCTOR MARAÑÓN. EXPTE. 1078/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 28.12.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Rectificar o paragrafo primeiro do acordo da Xunta de Goberno celebrada o día 23-12-2011 e relativo a CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA DOUTOR MARAÑÓN. EXPTE. 1078/440, que quedará redactado da forma seguinte:

Primeiro.- Excluir da clasificación as ofertas correspondentes as mercantís que se citarán a continuación por non pode ser cumpridas como consecuencia da inclusión nas mesmas de valores anormais ou desproporcionados:

TERRAUGA PROYECTOS Y OBRAS, S.L.

EXCAVACIONES Y OBRAS PUBLICAS GALICIA S.L.

CONSTRUCCIONES Y OBRAS JOSE ANTONIO, S.A.

CONTRATAS MECUMA, S.L.U.

CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.

JSTOP OBRAS Y SERVICIOS,S.L.

UNION TEMPORAL DE EMPRESAS AIM EMPRESA DE SERVICIOS PARA LA CONSTRUCCION SL – EXCAMEL,S.L.

OBRAS CONSTRUCCIONES DIOS S.A.

CONSTRUCCIONES VIXOY S.L.

5(1549).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE SUBSANACIÓN DE DEFECTOS DETECTADOS NAS REVISIÓNS OCADAS INSTALACIÓNS DE CENTROS DE ENSINO, FASE I. EXPTE. 13177/332.

Examinadas as actuacións do expediente e de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, que tivo lugar o día 28.12.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento de referencia, no seguinte orde decrecente:

Empresa	Memoria técnica				Melloras	TOTAL
	Descripción de actuacións	Plan de obra	Descripción técnica de equipos e materiais	SUB-TOTAL		
Puntuación máxima	5	10	5	20	80	100
IMESAPI	3	8	4	15	80	95
SIELVIGO	0	10	5	15	65,46	80,46

Segundo.- Requirir o licitador clasificado en primeiro lugar, IMESAPI, S.A., para que presente, no prazo dos dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 135.2 LCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Conforme a delegación acordada pola mesa de contratación na súa sesión de data 27-07-2010, o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas”.

6(1550).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS “OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA MENÉNDEZ PELAYO”. EXPTE. 1077/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do secretario da Mesa de Contratación, do 27.12.11, e a proposta do xefe de Área de Fomento, do 28.12.11, conformada polo concelleiro da Área de Fomento, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar á mercantil CONSTRUCCIONES RAMIREZ S.L.U, o procedemento aberto para a contratación DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA MENÉNDEZ PELAYO,(EXPTE. 1077-440) por un prezo total de 2.227.500,01 euros, con un prazo de garantía de 60 meses, unha aportación ao control de calidade do 4% e unha aportación para a execución de melloras de 123.750 euros.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

2º.- En relación á baixa ofertada pola empresa adxudicataria, apróbase a seguinte adecuación das anualidades para financiación deste proxecto:

1077/440	Humanización rúa Menéndez Pelayo. 1ª Fase	licitación	2.475.000,00 €
		adxudicacion	2.227.500,01 €

Nova distribución de anualidades:

	2011	2012	2013
Inicial	138.981,60 €	1.161.018,40 €	1.175.000,00 €
Proposta	138.981,60 €	913.518,40 €	1.175.000,01 €

7(1551).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS “OBRAS DE MELLORA DE BEIRARRÚAS NA AVDA. DE CASTELAO ENTRE O Nº 1 E O Nº 9. EXPTE. 984/440.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 27.12.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar á mercantil Oresa, S.L. o procedemento aberto para a contratación DAS OBRAS DE MELLORA DE BEIRARRUAS NA AVENIDA DE CASTELAO ENTRE O Nº 1 E O Nº 9,(EXPTE. 984-440) ” por un prezo total de 112.500 euros, con un prazo de garantía de 60 meses, unha aportación ao control de calidade do 4% .

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

8(1552).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS “OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA NICARAGUA”. EXPTE. 1076/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do secretario da Mesa de Contratación, do 27.12.11, e a proposta do xefe de Área de Fomento, do 28.12.11, conformada polo concelleiro da Área de Fomento, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar á mercantil EIRIÑA, S.L. o procedemento aberto para a contratación DAS OBRAS DE HUMANIZACION DA RUA NICARAGUA,(EXPTE. 1076-440) por un prezo total de 2.272.500 euros, con un prazo de garantía de 60 meses, unha aportación ao control de calidade do 4% e unha aportación para a execución de melloras de 126.250 euros.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

2º.- En relación á baixa ofertada pola empresa adxudicataria, apróbase a seguinte adecuación das anualidades para financiación deste proxecto:

1076/440	Humanización rúa Nicaragua. 1ª Fase	licitación	2.525.000,00 €
		adxudicacion	2.272.500,00 €

Nova distribución de anualidades:

	2011	2012	2013
Inicial	178.991,60 €	931.008,40 €	1.415.000,00 €
Proposta	178.991,60 €	678.508,40 €	1.415.000,00 €

9(1553).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS “OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA PINTOR COLMEIRO ENTRE AS RÚA TARRAGONA E ALVARO CUNQUEIRO”. EXPTE. 1061/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do secretario da Mesa de Contratación, do 27.12.11, e a proposta do xefe de Área de Fomento, do 28.12.11, conformada polo concelleiro da Área de Fomento, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar á mercantil Oresa, S.L. o procedemento aberto para a contratación DAS OBRAS DE HUMANIZACION DA RUA PINTOR COLMEIRO ENTRE AS RUAS TARRAGONA E ALVARO CUNQUEIRO,(EXPTE. 1061-440) ” por un prezo total de 783.000 euros, con un prazo de garantía de 60 meses, unha aportación ao control de calidade do 4% e unha aportación para a execución de melloras de 43.500 euros.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

2º.- En relación á baixa ofertada pola empresa adxudicataria, apróbase a seguinte adecuación das anualidades para financiación deste proxecto:

1061/440	Humanización rúa Pintor Colmeiro (Tramo Rúa Tarragona-Alvaro Cunqueiro)	licitación	870.000,00 €
		adxudicación	783.000,00 €

Nova distribución de anualidades:

	2011	2012	2013
Inicial	135.378,15 €	734.621,85 €	- €
Proposta	135.378,15 €	647.621,85 €	- €

10(1554).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS “OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA ARAGÓN”. FASE II. EXPTE. 1081/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do secretario da Mesa de Contratación, do 27.12.11, e a proposta do xefe de Área de Fomento, do 28.12.11, conformada polo concelleiro da Área de Fomento, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar á mercantil ORECO S.A. o procedemento aberto para a contratación DAS OBRAS DE HUMANIZACION DA RUA ARAGON II FASE, (EXPTE. 1081-440) por un prezo total de 2.250.000 euros, con un prazo de garantía de 60 meses, unha aportación ao control de calidade do 4% e unha aportación para a execución de melloras de 125.000 euros.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

2º.- En relación á baixa ofertada pola empresa adxudicataria, apróbase a seguinte adecuación das anualidades para financiación deste proxecto:

1081/440	Humanización rúa Aragón. Fase II	licitación	2.500.000,00 €
		adxudicación	2.250.000,00 €

Nova distribución de anualidades:

	2011	2012	2013
Inicial	78.991,60 €	1.021.008,40 €	1.400.000,00 €
Proposta	78.991,60 €	771.008,40 €	1.400.000,00 €

11(1555).- REVISIÓN ORDINARIA DE PREZOS DO CONTRATO DE INSTALACIÓN, LIMPEZA E MANTEMENTO DE COLECTORES E PAPELEIRAS DE VIGO. EXPTE. 19290/240.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Admon. Especial, do 21.12.11, conformado pola concelleira de Patrimonio a xefa do Servizo de Fiscalización e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a revisión ordinaria do prezo do contrato de instalación, limpeza e mantemento de colectores e papeleiras do termo municipal de Vigo fixando o mesmo, a partir do 1/10/2011 ata o 30/09/2012 en 2.888.267,99 euros ano.

2.- Recoñecer a empresa adxudicataria pola actualización do prezo do contrato a cantidade de 21.711,03 euros polo período transcorrido entre o 01/10/2011 e o 31/12/2011. O importe deste gasto imputarase á aplicación orzamentaria 1620.2270012 do vixente orzamento.

3º.- Recoñecer á empresa adxudicataria pola actualización do prezo do contrato a cantidade de 65133,11 € polo período transcorrido entre o 1/01/2012 e o 30/09/2012. O importe deste gasto imputarase á correspondente aplicación orzamentaria do exercizo 2012.

12(1556).- INDEMNIZACIÓNS SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 5.780,11 € A FAVOR DA EMPRESA VIGILANCIA INTEGRADA S.A. POLOS SERVIZOS DE SEGURIDADE EXTRAORDINARIOS NO PAZO DE CATRELOS (DECEMBRO 2011). EXPTE. 4524/337.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 22.12.11, e de acordo co informe-proposta do director do Museo, do 22.12.11, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, e a concelleira delegada da Área de Cultura, Festas e Museos, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva e o recoñecemento da obriga por importe de 5.508,41 € (IVE incluído); a prol da empresa VIGILANCIA INTEGRADA, S.A., co CIF A – 78917465, pola prestación de servizos de seguridade extraordinarios no Pazo de Castrelos no periodo decembro de 2011, segundo a seguinte factura:

Nº Factura	Data factura	Data rexistro	Nº rexistro	Importe
6500309206	22/12/11	22/12/11	110164055	5.508,41 €
6500309207	22/12/11	22/12/11	110164053	271,70 €
TOTAL				5.780,11 €

2º.- Imputalo á partida 3330.2270101 “SERVICIOS DE SEGURIDADE INTERNA”, R.C. 201100017371, correspondente ao orzamento do Museo Municipal para o exercizo 2011.

3º.- A imputación do gasto aos orzamentos vixentes non provoca prexuízo nin limitación alguna para a realización de todas as atencións do exercicio corrente na conseguinte partida.

13(1557).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 158.872,89 € A FAVOR DE “LIMPEZAS DEL NOROESTE S.A.” POLOS SERVICIOS DE LIMPEZA DA CASA CONSISTORIAL E OUTRAS DEPENDENCIAS (AGOSTO 2011). EXPTE. 19295/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 22.12.11, o informe xurídico do 20.12.11, e de acordo coa proposta do técnico de Admón. Especial, do 1.12.11, conformado pola concelleira de Patrimonio, a Xunta de Goberno local acorda:

1º .- Aprobar a indemnización substitutiva por importe de 166.303,13 euros, a favor de “Limpiezas del Noroeste, S.A.” con NIF A36621464, polos servizos de limpeza da casa consistorial e outras dependencias durante o mes de agosto de 2011.

2º.- Imputar o gasto de 166.303,13 euros á aplicación orzamentaria 9220.2270000 “Limpeza da Casa Consistorial”

14(1558).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 174.148,65 € A FAVOR DE “LIMPEZAS DEL NOROESTE S.A.” POLOS SERVICIOS DE LIMPEZA DA CASA CONSISTORIAL E OUTRAS DEPENDENCIAS (SETEMBRO 2011). EXPTE. 19296/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 22.12.11, o informe xurídico do 20.12.11, e de acordo coa proposta do técnico de Admón. Especial, do 7.12.11, conformado pola concelleira de Patrimonio, a Xunta de Goberno local acorda:

1º .- Aprobar a indemnización substitutiva por importe de 166.718,41 euros, a favor de “Limpiezas del Noroeste, S.A.” con NIF A36621464, polos servizos de limpeza da casa consistorial e outras dependencias durante o mes de setembro de 2011.

2º.- Imputar o gasto de 166.718,41 euros á aplicación orzamentaria 9220.2270000 “Limpeza da Casa Consistorial”.

15(1559).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 158.872,89 € A FAVOR DE “LIMPEZAS DEL NOROESTE S.A.” POLOS SERVICIOS DE LIMPEZA DA CASA CONSISTORIAL E OUTRAS DEPENDENCIAS (OUTUBRO 2011). EXPTE. 19297/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 22.12.11, o informe xurídico do 20.12.11, e de acordo coa proposta do técnico de Admón. Especial, do 7.12.11, conformado pola concelleira de Patrimonio, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva por importe de 166.718,41 euros, a favor de “Limpiezas del Noroeste, S.A.” con NIF A36621464, polos servizos de limpeza da casa consistorial e outras dependencias durante o mes de outubro de 2011.

2º.- Imputar o gasto de 166.718,41 euros á aplicación orzamentaria 9220.2270000 “Limpeza da Casa Consistorial”

16(1560).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 174.563,93 FAVOR DE “LIMPEZAS DEL NOROESTE S.A.” POLOS SERVICIOS DE LIMPEZA DA CASA CONSISTORIAL E OTRAS DEPENDENCIAS (NOVIEMBRE 2011). EXPTE. 19298/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 22.12.11, o informe xurídico do 20.12.11, e de acordo coa proposta do técnico de Admón. Especial, do 7.12.11, conformado pola concelleira de Patrimonio, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva por importe de 166.718,41 euros, a favor de “Limpiezas del Noroeste, S.A.” con NIF A36621464, polos servizos de limpeza da casa consistorial e outras dependencias durante o mes de novembro de 2011.

2º.- Imputar o gasto de 166.718,41 euros á aplicación orzamentaria 9220.2270000 “Limpeza da Casa Consistorial”.

17(1561).- REVISIÓN DAS TARIFAS DO SERVIZO PÚBLICO DO TRANSPORTE URBANO COLECTIVO EN AUTOBÚS DA CIDADE DE VIGO – ANO 2012. EXPTE. 81628/210.

Examinadas actuacións do expediente, visto o informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, de data 16.12.11, e a proposta do concelleiro-delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade, do 28.12.11, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a revisión de tarifas do servizo público regular de transporte urbano colectivo de viaxeiros en autobús de uso xeral da cidade de Vigo, solicitada pola empresa “VIGUESA DE TRANSPORTES, S.L.” para o ano 2012, sendo os prezos a aplicar có IVE incluído, de conformidade cos informes emitidos obrantes no expediente:

- * prezo billete..... 1,25 €
- * prezo coche/qm..... 5,0341 €

2º.- Remitir o expediente á Dirección Xeral de Comercio da Xunta de Galicia para dar cumprimento ó disposto na normativa vixente en materia de Prezos autorizados.

3º.- Fixar como prezo do billete a cobrar o viaxeiro 1,22 €, subvencionando o Concello a diferenza até o prezo do billete aprobado.

4º.- Revisar os prezos correspondentes ós bono-buses aplicando as tarifas seguintes:

bono bus normal	0,84
bono bus estudante	0,81
bono bus pensionista I	gratuito
bono bus pensionista II	gratuito
bono bus universitario	0,63
bono bus persoas mobilidade reducida que utilicen cadeira de rodas e o seu acompañante	gratuito
bono social	0,64

5º.- Subvencionar no exercizo económico de 2012, a diferenza que se produza entre a tarifa aprobada e a tarifa dos bono-buses correspondentes ó viaxeiro habitual, estudante, pensionista I e II, as persoas con mobilidade reducida que precisen para os seus desplazamentos cadeira de rodas, así como para aquela persoa que os acompañe, e social e subvencionar o bono-bus CUVI no 33% que lle corresponde, segundo o Convenio establecido coa Universidade de data 2 de novembro de 1995.

18(1562).- REVISIÓN DAS TARIFAS DO SERVIZO PÚBLICO DE AUTO-TAXI DA CIDADE DE VIGO – ANO 2012. EXPTE. 81502/210.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 14.12.11, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade, que di o seguinte:

I)TARIFAS VIXENTES

As tarifas de auto-taxi da cidade de Vigo, aprobadas por Resolución da Directora Xeral de Consumo e Comercio da Xunta de Galicia de data 29 de decembro de 2010 son as seguintes:

TARIFA 1 (días laborables de 6,00 a 22.30 horas)

Tarifa mínima (1800 m e/ou 5,19 min.)	3.16
Km percorrido	0,86
Hora de espera	17,56
Suplemento aeroporto	3,91
Suplemento Cotogrande	2,71
Maletas e vultos análogos	0,49

TARIFA 2 domingos e festivos, 24 e 31 de decembro, sábados dende as 15.00 horas e servizo nocturno de 22,30 ás 6,00 horas)

Tarifa mínima (1200 m e/ou 3,37 min)	3.32
Km percorrido	0.95
Hora de espera	19,09
Suplemento aeroporto	3,91
Suplemento Cotogrande	2,71
Maletas y vultos análogos	0,49

Suplemento 25 de decembro e 1 de xaneiro 2.00 €.

II) PROPOSTAS CONTIDAS NA SOLICITUDES PRESENTADAS

- En data 26 de setembro de 2011, D. Laureano Herrera Moldes, presidente da Asociación Profesional Provincial de Autotaxis de Pontevedra, presenta solicitude de revisión de tarifas para o ano 2012, e que ten o seguinte contido:

- TARIFA 1: (días laborables de 6.00 h a 22.00 h)

Tarifa mínima	3,29 €
Km. percorrido.....	0,89 €
Hora de espera.....	18,26 €
Suplemento aeroporto.....	4,06 €
Suplemento Cotogrande.....	2,82 €
Maleta.....	0,51 €

- TARIFA 2: (Domingos e festivos; 24 e 31 de decembro; sábados desde as 15.00 h e servizos nocturnos de 22.00 h a 6.00 h)

Tarifa mínima	3,45 €
Km. percorrido	0,99 €
Hora de espera	19,85 €
Suplemento aeroporto.....	4,06 €
Suplemento Cotogrande.....	2,82 €
Maleta.....	0,51 €

25 de decembro e 1 de xaneiro desde as 00.00 até as 10.00 suplemento sobre o que marque o taxímetro2,50 €.

A solicitude formulada supón un incremento en torno a un 4% das tarifas.

- En data 18 de novembro de 2011, foi presentada polo Presidente da Sociedade Cooperativa Galega de Auto-taxi e Gran turismo de Vigo e provincia de Pontevedra e da Asociación Provincial de Autopatronos do Taxi de Pontevedra solicitude de revisión de tarifas para o ano 2012 co seguinte contido.

- TARIFA 1: (Días laborables de 6.00 h a 22.00 h)

Tarifa mínima	3,26 €
Km. percorrido.....	0,89 €
Hora de espera.....	18,09 €
Suplemento aeroporto.....	4,03 €
Suplemento Cotogrande.....	2,80 €
Maleta.....	0,50 €

- TARIFA 2: (Domingos e festivos; 24 e 31 de decembro; sábados desde as 15.00 h e servizos nocturnos de 22.00 h a 6.00 h)

Tarifa mínima	3,41 €
Km. percorrido	0,98 €
Hora de espera	19,67 €
Suplemento aeroporto.....	4,03 €

Suplemento Cotogrande.....	2,80 €
Maleta.....	0,50 €

suplemento 25 de decembro 1 de xaneiro2 €

A solicitude formulada supón un incremento dun 3% na tarifa 1 e na tarifa 2, así como o incremento do horario na tarifa 2 que iniciariase as 22.00 horas. Asimesmo solicitan que o suplemento do día 25 de decembro e 1 de xaneiro dende as 00.00 as 10.00 h. se manteña. Formulan a proposta partindo da base imponible e engadindo o IVE.

III) INFORME

De conformidade cos acordos adoptados na Xunta Local de prezos e mercados de datas 20 de decembro de 2004 e 22 de decembro de 2005 nas revisions das tarifas de taxis nos ultimos anos forón equiparandose as tarifas da cidade de Vigo as da media das restantes cidades galegas , utizandose asimismo nas revisións o IPC de outubro a outubro .

Con respecto á aplicación da tarifa nocturna a partir das 22.00 horas, non existe un criterio homoxeneo nas distintas cidades galegas, non considerando a existencia dun motivo obxectivo para modificar o horario de aplicación.

Considerase que a revisión debera facerse sobre as tarifas vixentes aprobadas con anterioridade a aplicación do IVE.

Como nas revisions tarifarias correspondentes aos ultimos anos proponse a aplicación dun 2,6 % correspondente ao IPC interanual de transporte (outubro a outubro) da Comunidade Autonoma Galega para a revisión das tarifas dos autotaxis para o ano 2012 resultando as seguintes:

- TARIFA 1 (Aplicable días laborables de 6:00 a 22:30 horas)

Tarifa mínima (1800 m e/ou 5,19 min.).....	3,01 + 8%= 3,25
Km percorrido.....	0,82 + 8%= 0,88
Hora de espera.....	16,68 + 8%=18,01
Suplemento aeroporto.....	3,71 + 8%= 4,01
Suplemento Cotogrande.....	2,58 + 8%= 2,78
Maletas e vultos análogos.....	0,46 + 8%= 0,50

- TARIFA 2 (Domingos e festivos, 24 e 31 de decembro. (Sábados desde as 15:00 horas; e servizo nocturno de 22:30 ás 6:00 horas).

Tarifa mínima (1200 m e/ou 3,37 min.).....	3,15 + 8%= 3,40
Km percorrido.....	0,90 + 8%= 0,97
Hora de espera.....	18,14 + 8%=19,59
Suplemento aeroporto.....	3,71 + 8%= 4,01
Suplemento Cotogrande.....	2,58 + 8%= 2,78
Maletas e vultos análogos.....	0,46 + 8%= 0,50

Manter o suplemento do 25 de decembro e 1 de xaneiro (dende as 00:00 h e até as 10:00 h).....2 €

IV) TRAMITE DE AUDIENCIA

Concedido o preceptivo trámite de audiencia ás asociacións profesionais de empresarios e traballadores do sector e ás dos consumidores e usuarios durante o prazo concedido ao efecto, non foron presentadas alegacións.

En consecuencia e vistos os artigos 22 e 23 do vixente Regulamento nacional de servizos urbanos de transportes en automóbiles lixeiros, Decreto 226/77 de 27 de agosto, Orde de 20 de setembro de 1977, Decreto 2695/77 de 28 de outubro, Orde de 26 de febreiro de 1993, Real Decreto 1634 de 1980, así como o Decreto da Xunta de Galicia 106/84 de 24 de maio, sométese á Xunta Local de prezos e mercados para a súa posterior remisión á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA

1.- Aprobación da solicitude de revisión das tarifas dos autotaxis da cidade para o ano 2012, de conformidade co informe emitido, sendo os prezos máximos a aplicar, IVE incluído, os seguintes:

- **TARIFA 1 (Aplicable días laborables de 6:00 a 22:30 horas)**

Tarifa mínima (1800 m e/ou 5,19 min.).....	3,01 + 8% = 3,25
Km percorrido.....	0,82 + 8% = 0,88
Hora de espera.....	16,68 + 8% = 18,01
Suplemento aeroporto.....	3,71 + 8% = 4,01
Suplemento Cotogrande.....	2,58 + 8% = 2,78
Maletas e vultos análogos.....	0,46 + 8% = 0,50

- **TARIFA 2 (Domingos e festivos, 24 e 31 de decembro. (Sábados desde as 15:00 horas; e servizo nocturno de 22:30 ás 6:00 horas).**

Tarifa mínima (1200 m e/ou 3,37 min.).....	3,15 + 8% = 3,40
Km percorrido.....	0,90 + 8% = 0,97
Hora de espera.....	18,14 + 8% = 19,59
Suplemento aeroporto.....	3,71 + 8% = 4,01
Suplemento Cotogrande.....	2,58 + 8% = 2,78
Maletas e vultos análogos.....	0,46 + 8% = 0,50

Manter o suplemento do 25 de decembro e 1 de xaneiro (dende as 00:00 h e até as 10:00 h)..... 2 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(1563).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 42.568,20 € A FAVOR DA ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE EMPRESARIOS AUTÓNOMOS DO MERCADO DO PROGRESO POLOS SERVIZOS PRESTADOS NO MERCADO DO PROGRESO (OUTUBRO-NOVEMBRO 2011). EXPTE. 5324/551.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 23.12.11, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Turismo e Comercio, do 22.12.11, conformado polo concelleiro de Turismo, Comercio, Industria e PEMES, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Convalidar as actuacións municipais e a disposición do gasto e prestar aprobación á indemnización substitutoria a favor de ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE EMPRESARIOS AUTÓNOMOS DO MERCADO DO PROGRESO, CIF G-36664027, na contía de 42.468,20 €, correspondentes ós servizos prestados no Mercado do Progreso en relación coas facturas que se citan.

2º.- De conformidade coas Bases de execución orzamentaria para o ano 2011, recoñecer a obriga do gasto a favor do acredor ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE EMPRESARIOS AUTÓNOMOS DO MERCADO DO PROGRESO, CIF G-36664027 , polo importe de 42.468,20 €, correspondentes ás facturas seguintes:

exped fact	estado fact	nº fact	data fact	fact base	fact ive	fact total
5336/551	V	16 11	02/11/11	17.995,00 €	3.239,10 €	21.234,10 €
5325/551	V	17 11	01/12/11	17.995,00 €	3.239,10 €	21.234,10 €

3º.- Ordenar o pago a favor de ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE EMPRESARIOS AUTÓNOMOS DO MERCADO DO PROGRESO, CIF G-36664027, polo devandito importe de 42.468,20 € con cargo ao crédito dispoñible na partida 4310.227.99.11 “Gastos Funcionamento do Mercado do Progreso” do orzamento vixente.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e corenta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Mª Jesús Lago Rey.